



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Negociado de Educación

Aprobación definitiva do Regulamento dos servizos de comedor nos centros de educación infantil e primaria (CEIP) do termo municipal do concello de Ferrol, acordada polo Pleno da Corporación o 27/05/2021

Aprobación definitiva do Regulamento dos servizos de comedor nos centros de educación infantil e primaria (CEIP) do termo municipal do concello de Ferrol, acordada polo Pleno da Corporación o 27/05/2021.

Este Concello, a través da sinatura do correspondente convenio coa Administración autonómica vén prestando o servizo de comedores escolares. Os sucesivos exercicios nos que esta prestación se veu materializada permitiron dotarse dunha experiencia no seu desenvolvemento. Esta experiencia permite unha maior eficacia á hora de satisfacer a esixencia normativa de garantir o contido do réxime xurídico ao que queda suxeito o servizo -en definitiva, o conxunto de dereitos e obrigas de prestatario e usuario do servizo- a través do correspondente regulamento.

En todo caso este regulamento ten que contextualizarse con subordinación ás normas ditadas pola propia Administración autonómica nesta materia, e a función deste regulamento é completar e desenvolver esas normas en canto á relación dos CEIP situados no termo municipal de Ferrol.

O seu contido estrutúrase mediante os seguintes títulos:

Titulo I.- Cuestións xerais

Titulo II.- Obrigas do Concello de Ferrol relativas á prestación do servizo

Titulo III.- Dereitos e obriga dos/as usuarios/as do servizo

Titulo IV.- Infraccións e sancións.

Titulo I - Cuestións xerais

Artigo 1.- Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto completar o marco normativo que ordena o funcionamento dos comedores dos CEIP situados no termo municipal de Ferrol. Este é un servizo educativo destinado a atender as necesidades nutricionais das persoas usuarias, no contexto da conciliación no ámbito familiar, así como no desenvolvemento de actuacións formativas en materia de saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

Artigo 2.- Forma de xestión

O servizo prestarase mediante a súa xestión indirecta levada a cabo a través de empresas especializadas mediante a formalización do correspondente contrato administrativo.

Artigo 3.- Órgano municipal competente na aplicación do regulamento

Corresponderalle ao Alcalde e, de ser caso, a concelleira delegada ou concelleiro delegado que teña asinada a Área de Educación, ditar as instrucións así como adoptar os actos administrativos que deriven da aplicación do presente regulamento, salvo no relativo á súa aprobación ou modificación, competencia de carácter plenaria.

Titulo II. Obrigas do Concello de Ferrol relativas á prestación do servizo

Artigo 4.- Contido do servizo de comedores escolares

Este servizo inclúe tanto a prestación de almorzos e xantares como o desenvolvemento de programas educativos de desenvolvemento da promoción da saúde, hábitos alimenticios saudables e habilidades persoais, nos horarios de prestación dos ditos servizos.

Artigo 5.- Xantares e almorzos

5.1 Xantares

O contido do servizo incluirá:

- A elaboración das comidas do xantar nas cociñas propias da empresa adxudicataria.
 - O transporte dos menús elaborados nas cociñas da empresa adxudicataria ata o comedor do centro escolar, en medios axeitados e debidamente autorizados.
 - A colocación das mesas do comedor, a distribución dos menús ata elas e o seu reparto entre as/os comensais.
 - Os labores de recollida, limpeza e hixienización (lavado automático e con temperatura superior a 82 graos do material empregado) e das dependencias do comedor.
 - Tarefas de atención ao alumnado que utilice o servizo de comedor escolar dende o final da última clase da mañá (ás 14.00 h) durante as quendas do servizo, e durante o período posterior á utilización do servizo (ata as 16.00, agás no CEIP A Laxe onde o horario será dende as 14.40 ata as 16.40).
- Establécese que o horario de saída do comedor no servizo de xantar non poderá ser anterior ás 15.30, agás no caso do CEIP A Laxe que neste caso non podería ser anterior ás 16.10

5.2 Almorzos

O servizo de almorzo comprenderá:

- A elaboración dos almorzos, cada día, nas cociñas ou nos comedores propios de cada centro educativo.
 - A colocación das mesas do comedor, a distribución dos almorzos ata elas e o seu reparto entre as/os comensais.
 - Os labores de recollida e limpeza do material empregado e das dependencias do comedor despois de cada almorzo e fóra do horario deste, sen prexuízo da posterior limpeza diaria que destas instalacións se faga.
 - Tarefas de atención ao alumnado que nese día sexa usuario do servizo de comedor escolar durante o almorzo, dende a chegada do alumnado ao centro ata o comezo das clases da xornada de mañá (dende as 07.30 e ata as 09.00 en todos os CEIP, agás no CEIP A Laxe onde o horario será dende as 08.00 ata as 09.30).
- Establécese que o horario de entrada do comedor no servizo de almorzo non poderá ser posterior ás 08.00, agás no caso do CEIP A Laxe que neste caso non podería ser posterior ás 08.30

Artigo 6.- Composición alimentaria mínima

Os menús deseñaranse tendo en conta que deberán cubrir as necesidades de enerxía e nutriente baseándose na idade do alumnado-usuario, para o cal terá que axustarse ás pautas nutricionais establecidas en cada momento.

Artigo 7.- Menús especiais

Cando no centro exista algún/ha alumno/a que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria debidamente documentada e co tempo de antelación necesario á prestación do primeiro servizo, a empresa adxudicataria estará obrigada a servirille un menú (xantar ou almorzo) adecuado ás súas necesidades. Estes menús estarán xustificados mediante o correspondente informe médico.

Artigo 8.- Ámbito temporal

O servizo prestarase os días lectivos de cada curso escolar atendendo para iso ao calendario escolar aprobado -para cada curso- pola Xunta de Galicia.

Os horarios para a prestación dos ditos servizos serán:

Almorzos: desde as 07.30 h e ata as 09.00 h en todos os CEIP, agás no CEIP A Laxe onde o horario será desde as 08.00 h ata as 09.30 h

Xantares: desde as 14.00 h e ata as 16.00 h en todos os CEIP, agás no CEIP A Laxe onde o horario será desde as 14.40 h ata as 16.40 h

Artigo 9.- Desenvolvemento na prestación dos servizos por parte das persoas usuarias e o persoal encargado da súa prestación.

Nos termos da normativa vixente (artigo 8), o servizo de almorzos e xantares atenderá - en canto súa execución- co protocolo propio do seu funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo consello escolar.

Titulo III.- Dereitos e obrigas das persoas usuarias do servizo

Artigo 11.- Persoas usuarias do servizo de comedor.

Poderá ter a condición de persoa usuaria:

- a) O alumnado matriculado nos CEIP situados no termo municipal de Ferrol.

b) Os coidadores de educación especial dos centros que imparten os niveis de ensino básico obrigatorio ou segundo ciclo de educación infantil, durante o tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

c) O persoal funcionario docente e non docente e o persoal laboral dos respectivos centros, sempre que existan prazas libres.

d) As auxiliares de conversa e o alumnado en prácticas de Maxisterio ou grao equivalente, sempre que existan prazas vacantes no comedor.

Artigo 12.- Número de servizos de almozos e xantares

Virá determinado polo ámbito espacial no que se preste o servizo en cada un dos centros, así como polas distancias esixidas en cada momento pola normativa vixente. Neste sentido, na primeira semana do mes de setembro, as direccións dos CEIP -atendendo ós parámetros anteriormente referidos- determinarán o número de prazas para os distintos centros.

Artigo 13.- Solicitud de prestación do servizo

a) Corresponderalles ós pais ou representantes legais do alumnado.

b) Nos supostos reflectidos nos parágrafos b), c) e d) do artigo 11, a solicitude será formulada polas propias persoas interesadas.

Nos supostos referido nos puntos a) e b) do artigo 15, as solicitudes formalizaranse a partir do día 1 de setembro, ata a cobertura da prazas, sen prexuízo de -en caso de existir prazas vacantes- formular solicitudes ao longo do curso escolar, ata a súa cobertura.

As usuarias ocasionais deberán de solicitar o uso do servizo con dous días hábiles de anticipación, sen prexuízo da esixencia de que existan prazas sen ocupar no comedor solicitado.

Artigo 14.- Prelación das solicitudes.

Para cada un dos centros a prelación virá determinada pola orde de solicitude.

Artigo 15.- Modalidades na prestación do servizo.

1.- Os servizos de almuerzo e xantar non teñen carácter condicionado, de forma que se poden solicitar - indistintamente- un, outro ou ambos os dous.

2.- A prestación dos ditos servizos desenvolverase atendendo ás seguintes modalidades:

a) Fixos continuos, que implicará o acceso ao servizo para todos e cada un dos días en que este sexa prestado.

b) Fixos descontinuos, que en todo caso esixirá unha periodicidade preestablecida.

c) Ocasionais: nesta modalidade deberase solicitar o uso de servizo con dous días hábiles de anticipación, sen prexuízo da esixencia de que existan prazas sen ocupar no comedor solicitado.

Artigo 16.- Baixas na condición de persoa usuaria do servizo e comunicación de imposibilidade de acceder a el.

1.- A baixa na condición de persoa usuaria terá que ser comunicada de forma expresa por parte da nai, pai ou titor/a legal á entidade prestadora do servizo.

A data da recepción da solicitude de baixa determinará a data en que finaliza a obriga de pagamento dos servizos durante o tempo no que tivo a condición de persoa usuaria do servizo, 24 horas antes do primeiro servizo no que cause baixa.

2.- As persoas titulares do dereito de uso que durante a vixencia de dito dereito non poidan acceder ao mesmo por razóns xustificadas (enfermidade, etc.) poderán solicitar a súa suspensión durante o tempo que derive a causa que o xustifique, sen que teña a obriga de pagamento dos servizos que se presten con posterioridade a dita comunicación.

Artigo 17.- Pagamento da prestación económica derivada do uso do servizo.

1.- O custo económico derivado da prestación do servizo virá determinado a través do instrumento xurídico que corresponda atendendo á natureza da dita prestación económica, polo que será obxecto de tramitación e publicación específica.

2.- O responsable do pagamento da dita cantidade, cando o dereito de uso lle corresponda ao alumnado, serán a nai, pai ou titor/a legal. Para o resto dos supostos a obriga corresponderalle ao titular do dereito de uso.

3.- O pagamento da dita cantidade realizarase mediante domiciliación bancaria, mes vencido.

4.- O incumprimento da obriga de pagamento dos servizos prestados, nos termos da normativa vixente, impedirán a utilización do servizo nos meses seguintes do servizo de comedor, en canto non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos non realizados.

Unicamente no suposto de que a Área de Benestar - en exercicio das súas competencias- solicite a continuidade na prestación de dito servizo quedará sen efectos a citada suspensión.

Titulo IV.- Infraccións e sancións

Artigo 18.- Tipificación e competencia

Nos termos da normativa vixente, a tipificación das condutas punibles, o contido da dita sanción e os procedementos para aplicalas virá determinada polas disposicións e órganos competentes en razón da materia.

Ferrol, 2 de xuño de 2021

Antonio Golpe Díaz

O concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes e Festas.

2021/4793